



DATOS IDENTIFICATIVOS

Conceptos, teorías e métodos en traballo social

Materia	Conceptos, teorías e métodos en traballo social			
Código	O05G220V01302			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicossocioeducativa			
Coordinador/a	Méndez Fernández, Ana Belén			
Profesorado	Méndez Fernández, Ana Belén			
Correo-e	anabel@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Trátase dunha asignatura de carácter obrigatorio, incluída no módulo do título de grao denominado: OTraballo Social, conceptos, métodos, teoría e aplicación. Dentro deste sitúase na materia denominada: Métodos, modelos e técnicas de Traballo Social. Ten por obxectivo principal que o alumnado se achegue a intervención profesional do Traballo Social, coñecendo e analizando o seu concepto tanto clásico como dende unha perspectiva crítica. Para operar de forma científica na profesión de Traballo Social é imprescindible que o alumnado coñeza, manexe e analice as diferentes perspectivas teórico-metodolóxicas da disciplina para garantir unha adecuada intervención. Sin olvidar que calquera perspectiva empregada debe estar en consoancia có respecto os Dereitos Humanos.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
B4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C1	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C3	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención

- C4 Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados
- C5 Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención
- C6 Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc
- C7 Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, cuidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (esixencia de maiores redes)
- C8 Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
- C9 Traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran o devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos
- C10 Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como soporte para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes
- C13 Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
- C15 Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
- C17 Administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo
- C19 Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdooos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
- C22 Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das mellores prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo
- C23 Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
- C24 Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados
- D1 Capacidade de análise e síntese
- D2 Capacidade de organización e planificación
- D3 Capacidade reflexiva
- D4 Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
- D6 Coñecemento da cultura propia da comunidade
- D7 Aprendizaxe e dominio de novas tecnoloxías
- D8 Capacidade de xestión da información
- D9 Resolución de problemas
- D10 Toma de decisións
- D11 Traballo en e con equipos diversos
- D12 Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
- D14 Habilidades nas relacións interpersoais
- D15 Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
- D16 Razoamento crítico
- D17 Compromiso ético
- D18 Aprendizaxe autónoma
- D19 Adaptación a novas situacións
- D20 Creatividade
- D21 Liderado
- D22 Iniciativa e espírito emprendedor
- D23 Motivación pola calidade
- D24 Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

1.-Coñecer e comprender os conceptos básicos da intervención profesional tanto intrínsecos como extrínsecos, así como a dimensión ideolóxica implícita na intervención e a metodoloxía profesional.	A3	B1 B2 B3 B4	C3 C5 C22 C24	D1 D3 D8 D15 D16 D17 D18 D23 D24
2.-Coñecer e comprender críticamente as diferentes perspectivas teóricas e metodolóxicas en Traballo Social e a súa repercusión na práctica profesional.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B6	C1 C2 C3 C4 C5 C8 C13 C22 C23	D1 D2 D3 D4 D7 D8 D9 D10 D11 D14 D15 D16 D18 D19 D20 D21 D22 D23 D24
3.-Ser capaz de analizar a natureza das relacións entre profesionais, usuarios e as potencialidades e dificultades que as marcan, tendo en conta aspectos relativos ao xénero, a clase e a diversidade cultural e as súas implicacións metodolóxicas		B1 B3	C2 C3 C6 C7 C8 C13 C22 C24	D3 D11 D14 D17 D19 D21 D23 D24
4.-Coñecer e ser capaz de aplicar as diferentes fases do proceso metodolóxico da intervención profesional e a súa interrelación coa teoría, obxeto e fines do Traballo Social.		B2	C2 C3 C4 C5 C6 C9 C10 C17	D1 D2 D3 D6 D8 D15 D16 D18 D23 D24
5.-Ser capaz de identificar as situacións de risco e crise e priorizar a toma de decisións na aplicación do proceso metodolóxico.		B1	C3 C5 C15 C24	D1 D2 D3 D8 D9 D10
6.-Coñecer os modos de implicar aos usuarios/as dos servizos de Traballo Social para incrementar os seus recursos, a súa capacidade e o seu poder para influir nos factores que afectan a súa vida e na súa toma de decisións.		B3	C2 C6 C8 C13 C23 C24	D1 D3 D6 D8 D14 D15 D16 D17 D21 D24

7.-Ser capaz de analizar e valorar as consecuencias das distintas tomas de decisións no momento de seleccionar e aplicar as diversas opcións metodolóxicas.	B2	C3 C5 C10 C13 C15 C17 C19 C24	D1 D2 D3 D8 D9 D10 D12 D16 D17 D24
8.-Adquirir habilidades básicas para coñecer, comprender e aplicar unha terminoloxía axeitada as diferentes perspectivas teórico-metodolóxicas.	A3 B6	C10 C22 C23	D1 D2 D3 D8 D16 D17 D23 D24
9.-Adquirir habilidades básicas para analizar, contextualizar e avaliar críticamente os textos e documentos científicos relacionados coa teoría e metoloxía da intervención profesional.		C22 C23	D1 D2 D3 D8 D18 D22 D23
10.-Adquirir habilidades básicas para aplicar a autocrítica en ideas, comportamentos e habilidades personales/sociais para evitar a interferencia nas aplicacións metodolóxicas.	B6	C10 C23 C24	D1 D3 D8 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D23 D24
11.-Analizar e comprender de forma crítica o uso dos recursos sociais na intervención profesional.	B6	C3 C10 C24	D1 D8 D10 D12 D16 D23 D24

Contidos

Tema	
1.-Conceptos, características e contextos da intervención profesional en Traballo Social.	Non hai.
2.-Método e metodoloxía en Traballo Social: Definicións e conceptos.	Non hai.
3.-Aproximación ás diferentes perspectivas teóricas e metodolóxicas na intervención profesional.	Non hai.
4.-O proceso metodolóxico en Traballo Social. Estudio detallado e aplicacións dos compoñentes básicos. A utilización dos recursos sociais na intervención profesional. Os recursos sociais como medio e non como fin.	Non hai.
5.- Implicación dos usuarios dos servizos de Traballo Social. Participación, potenciación, defensa e acompañamento.	Non hai.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	0	22.5
Seminario	22.5	34	56.5
Traballo tutelado	0	45	45

Exame de preguntas obxectivas	1.5	19	20.5
Debate	1	4.5	5.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición xeral por parte da profesora dos contidos da materia. A fin de garantir e mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe o alumnado deberá leer previamente os contidos que se desenvolverán en cada sesión e elaborará un documento coas dúbidas surxidas durante a lectura dos mesmos, promovendo así sesións interactivas e que respondan as necesidades concretas do alumnado.
Seminario	Empregaránse como complemento das sesións maxistrais. Consistirán en lectura previa de textos e documentos para ser debatidos e expostos nas sesións. Así como análise e resolución de exercicios prácticos que garanticen a integración teórico-práctica da asignatura. Si se considera oportuno para o desenvolvemento dalgunha cuestión concreta traerense expertos a aula.
Traballo tutelado	O alumnado deberá leer, analizar, comprender, e extraer conclusións dun libro (ou conxunto equivalente de artigos) relacionado coas competencias e contidos da materia, así como manexo de bibliografía complementaria relacionada. Esta actividade terá carácter autónomo e será grupal. Ten como obxectivo principal a familiarización coa literatura profesional, a aprendizaxe colaborativa en grupos, búsqueda de información en bases de datos, presentación por escrito e capacidade de argumentación e defensa de carácter académico-científico. Para poder proceder a súa presentación e avaliación a profesora marcará a inicios de curso o procedemento obrigatorio de supervisión previa, así como o cronograma das entregas das distintas tarefas e entrega final.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada será de tres tipos: 1.-Na aula, durante as sesións dos seminarios para complementar a comprensión das clases maxistrais e o traballo tutelado. 2.-No despacho do profesor, no horario de titorías. Dirixidas a calquera cuestión da materia, así como para dúbidas relacionadas coas sesións maxistrais e as actividades do seminario. 3.-A través do correo electrónico, sempre e cando a consulta o permita. En caso de pasar a virtualidade poderán usarse outras aplicacións informáticas, tanto da Universidade como xerais, con concertación previa.
Traballo tutelado	A atención personalizada será de tres tipos: 1.-Na aula, durante as sesións dos seminarios para complementar a comprensión das clases maxistrais e o traballo tutelado. 2.-No despacho do profesor, no horario de titorías. Dirixidas a calquera cuestión da materia, así como para dúbidas relacionadas coas sesións maxistrais e as actividades do seminario. 3.-A través do correo electrónico, sempre e cando a consulta o permita. En caso de pasar a virtualidade poderán usarse outras aplicacións informáticas, tanto da Universidade como xerais, con concertación previa.
Probas	Descrición
Debate	A atención personalizada será de tres tipos: 1.-Na aula, durante as sesións dos seminarios para complementar a comprensión das clases maxistrais e o traballo tutelado. 2.-No despacho do profesor, no horario de titorías. Dirixidas a calquera cuestión da materia, así como para dúbidas relacionadas coas sesións maxistrais e as actividades do seminario. 3.-A través do correo electrónico, sempre e cando a consulta o permita. En caso de pasar a virtualidade poderán usarse outras aplicacións informáticas, tanto da Universidade como xerais, con concertación previa.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Seminario	O alumnado para garantir o desenvolvemento da materia deberá traer realizadas as tarefas encomendadas para cada sesión do seminario (esquema das lecturas e/ou resolución de exercicios así como a súa exposición cando lles corresponda). Só poderá ser avaliado positivamente neste apartado si cumpre coas tarefas solicitadas de forma correcta (en tempo e forma).	10	A1 B1 C2 D1 A2 B2 C3 D2 A3 B3 C5 D3 A4 B4 C6 D8 A5 B6 C8 D9 C9 D10 C10 D14 C13 D15 C15 D16 C17 D17 C22 D18 C23 D19 D21 D23 D24
Traballo tutelado	Nas sesións dos grupos medios, asesorarase, orientarase e realizaranse tarefas en relación a un traballo relacionado coa temática da materia, proposto pola profesora. Estas tarefas son de obrigado cumprimento, en presentación en tempo e forma para ser avaliado positivamente. Terá carácter grupal e presentarse por escrito con formato de traballo académico. Teorías obxecto do traballo (tres grupos por cada grupo medio): teoría crítica e TS (Karen Healy); Foucault e Traballo Social; teoría da complexidade e constructivismo e TS.	20	A4 B6 C2 D1 A5 C3 D2 C5 D3 C6 D4 C8 D7 C9 D8 C13 D9 C15 D10 C22 D14 C23 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23 D24
Exame de preguntas obxectivas	Proba tipo test. Constará de 20 ou 40 preguntas baixo o sistema de acertos-erros. O número de preguntas netas para aprobar serán 13 ou 26. O tipo de preguntas pode ter varias alternativas de resposta: verdadeiro/falso; elección múltiple; emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	40	A5 B2 C1 D1 B3 C2 D3 B4 C3 D8 B6 C4 D15 C5 D17 C6 D18 C7 D23 C8 D24 C9 C13 C15 C17 C19 C22 C23
Debate	Defensa do traballo tutelado. A hora e día para cada grupo será marcada pola profesora e discriminará individualmente a nota do traballo tutelado, mediante a defensa oral do grupo e personalizada no traballo de cada grupo, se a defensa oral non é posible por calendario académico ou cuestións docentes, farase en preguntas cortas de reflexión personalizadas o día do examen oficial (en consecuencia se o grupo debate oralmente e algún membro non pode na data marcada pola profesora, a defensa será por escrito no examen oficial da materia). Só se procederá a defensa si o traballo tutelado entregado por escrito está aprobado.	30	A3 C13 D1 A5 C22 D3 C23 D4 D8 D10 D14 D15 D16 D19 D21 D23 D24

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder superar a materia deberán aprobarse previamente e de forma independente cada unha das probas previstas (seminario, cartafol, probas tipo test e probas prácticas). Non poderá ser avaliado o alumnado que non cumpra coas tarefas encomendadas (en tempo e forma) para os seminarios e exercicios prácticos.

Advirtese ao alumnado que non se gardará ningunha nota para o curso seguinte, este aspecto rexe tanto para alumnado de avaliación continua como de avaliación global.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

1.- AVALIACIÓN CONTINUA (DESCRIPCIÓN E REQUISITOS): vai dirixida a aquel alumnado que teña unha **asistencia mínima do 80% ás sesións maxistras e un máximo de 2 faltas os seminarios**, ademais deben ter entregadas as tarefas encomendadas en tempo e forma. En caso de non cumprir con este requisito serán avaliados polo sistema de avaliación global (proba única). As probas e puntuacións son as que constan nas metodoloxías de avaliación, debendo estar aprobadas cada unha por independente para poder superar a materia.

2.-EVALUCIÓN GLOBAL (PROBA ÚNICA): aquel alumnado que non cumpra os requisitos mínimos de asistencia (maxistral e seminarios). Este alumnado será avaliado deste xeito: deberá superar as mesmas competencias que o alumnado de avaliación continua nunha única proba final, que constará de varias partes. Ao ser unha proba única o alumnado que non supere a primeira, é dicir, o dossier non accederá ao resto das probas; despois o test (exame de preguntas obxectivas), se non se supera non se avaliarán as probas prácticas (entrevista e informe social). As probas para realizar son as seguintes (do mesmo xeito que o alumnado de avaliación continua deberán aprobar por independente cada unha das probas abaixo explicitadas da proba única):

1.-Entrega dun dossier cos traballos e exercicios prácticos desenvolvidos na materia (deberán ser supervisado obrigatoriamente de forma continua pola profesora previa presentación final), ao longo do semestre e entregarse ao finalizar a docencia, previamente ao resto das probas, en documento interno en Moovi estableceranse os prazos. Puntuará un **15%**, se este non se entrega na data solicitada ou non está apto, non poderá acceder ao resto das probas (ao ser proba única que precisa que todas as partes estean superadas).

2.-Exame final na convocatoria oficial, tipo exame de preguntas obxectivas de 20 preguntas (igual formato e sistema de corrección que para os asistentes). Puntuará un **40%**.

3.-Pregunta de desenvolvemento autónoma que substitúe o traballo tutelado. Puntuará un **15%**.

4.-Proba práctica de laboratorio: realización por escrito de casos e exercicios prácticos (avaliarase sempre que lla superado a primeira parte do dossier e o exame tipo test), o exercicio é igual que para alumnado de avaliación continua). Puntuará un **30%**.

ADVERTENCIA: O seguimento continuo das actividades de aula e a comunicación co alumnado relacionado coas tarefas, realizarase a través da Plataforma Moovi.

O alumnado que opte pola avaliación global (incluído o alumnado do curso ponte) deberá comunicalo por correo con data tope o **último día lectivo de outubro de 2023**.

TANTO PARA ALUMNADO DE AVALIACIÓN CONTINUA COMO GLOBAL:

Ao comezo de curso subiranse os documentos coas instrucións e o cronograma das tarefas e probas de avaliación, sendo de obrigado cumprimento para a superación da materia.

Esixirase que os/as estudantes saiban escribir correctamente e sen faltas ortográficas (acentos gráficos e abreviaturas incluídas), que saiba ler comprensivamente, analizar e sintetizar, así como resumir o lido ou escoitado nas aulas. Tamén se espera que saiba expresarse con corrección e dacordo co nivel que esixe un ciclo universitario usando unha terminoloxía idónea ao devandito nivel. Todo isto constituirá parte da avaliación do alumnado e, en todo caso, terá que reflectirse nos seus exercicios e no exame. **O plaxio supón de inmediato o suspenso da materia.**

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (2ª oportunidade)

As probas (parte teórica ou parte práctica) superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª oportunidade, considerándose aprobadas nese cursos académico. **Non se gardarán notas dun curso a outro.**

-En coherencia con el carácter inclusivo que caracteriza a Facultad de Educación y Trabajo social, esta guía podrá ser adaptada para atender a las necesidades específicas de apoyo educativo que presente el alumnado adscrito al programa PIUNE (PAT), así como os obxectivos ODS.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

De Robertis, C., **Metodología de la intervención en trabajo social**, El Ateneo,

Matus Sepúlveda, T., **Propuestas contemporáneas en Trabajo Social: hacia una intervención polifónica**, Espacio, 2002

Morán Carrillo, J. M., **Intervención metodológica en trabajo social: estrategias de intervención y contexto en trabajo social**, Certeza, 2004

Quezada Benegas, M. et al., **Perspectivas Metodológicas en Trabajo Social**, Espacio, 2001

Vélez Restrepo, O.L., **Reconfigurando el Trabajo Social. Perspectivas y tendencias contemporáneas**, Espacio, 2003

Healy, K., **rabajo Social. Perspectivas contemporáneas**, Morata, 2001

Bibliografía Complementaria

Aguilar Idáñez, M. J., **Trabajo social: concepto y metodología**, Paraninfo, 2013

Chambon, D. S. et al., **Foucault y el Trabajo Social**, Maristán, 2001

Escalada, M et al., **El diagnóstico social: proceso de conocimiento e intervención social**, Espacio, 2001

Howe, D., **Dando sentido a la práctica. Una introducción a la Teoría del Trabajo Social**, Maristán, 1999

Kisnerman, N., **Pensar el Trabajo Social: una introducción desde el construccionismo**, Lumen-Humanitas, 1998

Morán Carrillo, J. M., **Fundamentos del trabajo social: trabajo social y epistemología**, TIRANT LO BLANCH, 2006

Martínez, M.J. (Coord.), **Para el Trabajo Social. Aportaciones teóricas y prácticas**, Maristán, 2000

Morin, E., **Introducción al pensamiento complejo**, 2ª, Gedisa, 1995

Navarro Pedreño, S., **Redes sociales y construcción comunitaria. Creando (con)textos para una acción ecológica**, CCS, 2004

Rozas Pagaza, M. et al. (Coord.), **Trabajo Social y compromiso ético: asistencia o resistencia**, Espacio, 2000

VV.AA, **El método: itinerarios para la acción (I y II)**, Números 57 y 58, 2000

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ética e traballo social/O05G220V01502

Proceso de planificación en traballo social/O05G220V01504

Traballo social grupal e comunitario/O05G220V01604

Traballo social individual e familiar/O05G220V01505

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Psicoloxía: Métodos e técnicas de investigación social/O05G220V01403

Psicoloxía: Psicoloxía social/O05G220V01303

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural/O05G220V01101

Epistemoloxía do traballo social/O05G220V01204

Introdución ao traballo social/O05G220V01105

Psicoloxía: Psicoloxía básica/O05G220V01103

Socioloxía: Socioloxía xeral/O05G220V01203

Outros comentarios

A MOOVI SUBIRASE FOTO AO COMEZO DE CURSO, ASÍ COMO NOS DATOS PERSOAIS O TELÉFONO DE CONTACTO.

- 1.-Traballar e estudar de xeito continuado mellora notablemente a superación da materia, xa que é unha materia que require asentarse de forma continua os contidos.
- 2.-Leer os temas da sesión maxistral previamente a mesma, co fin de mellorar a comprensión da explicación xeral da profesora, así como traer elaboradas as dúbidas a aula para poder resolvelas en función das necesidades do alumnado.
- 3.-Levar o día as actividades planificadas para cada seminario.
- 4.-Non saltarse as pautas de organización para o traballo tutelado.
- 5.-Plantexar todas as dúbidas sobre calquer aspecto da materia a profesora, tanto na aula física ou virtual (en relación os contidos e exercicios) como nas titorías de despacho ou virtuais (para outros aspectos relacionados coa materia ou para afondar en dúbidas que por cuestión de tempo non sexa posible facelo na aula). A utilización das titorías ten un carácter fundamental (tanto para alumnado asistencial como non asistencial) coa fin de facilitar o desenvolvemento e superación da materia.
- 6.-Para o alumnado non asistencial recoméndase iniciar unha titorización desde o inicio da materia, cara os aspectos teóricos e fundamentalmente para desenvolver adecuadamente a parte da proba final que equivale o traballo tutelado do alumnado asistencial.
- 7.-Ter en conta a necesidade das materias previas a cursar no momento de matricular e no seu caso cursar.

A MOOVI SUBIRASE FOTO AO COMEZO DE CURSO, ASÍ COMO NOS DATOS PERSOAIS O TELÉFONO DE CONTACTO.

-Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).